

Compostela, 3-5-1953

A. D. César Alvajar
París.

Meu estimado amigo:

Recibín a súa interesante carta e máis a folha explicativa das actividades europeistas.

As consideracións que vostede fai sobre a ausencia galega no ambiente cultural de ahí son desgraciadamente moi certas. Innda que a vostede ha de parecerlle estrano, pódelle asegurar que eu xa conocea os esforzos que vostede fai para o remediar. Oportunamente aouspen da súa conferencia na Sorbona.

Os proxectos de edicións de que me fala son ben interesantes. Como é natural, conte coa nosa axuda en canto lle portamos ser útiles. Ya terá recibido un feixe de poemas enviados por del Riego, e deben de estar en camiños os libros editados n-istós anos por "GALAXIA", libros que vostede non coñecerá e que lle darán idea do estado actual das nosas letras.

Sepa, querido amigo, que euqin coñecemos e admiramos o seu patriótico entusiasmo.

Un garimoso saúdo do seu amigo

Ramón Piñeiro

P. D. Recibirá dous números de unha revista que fan os estudantes

equivale en Santiago. Nun d-ile, podera ver que o problema
da reorganización fundamental de Europa tamén preocupa
os nosos rapaces. Vale